



*Correo electrónico: administracion@concellodecotobade.org*

*Dirección de Internet do perfil do contratante: www.concellodecotobade.org*

*Data límite de obtención de documentación e información: A de presentación de ofertas*

**2.—OBXECTO DO CONTRATO:**

*Tipo: Servizos*

*Descrición: "Organización do campamento de verán 2014"*

*Prazo de execución: Do 13 e o 19 de xullo de 2014 e do 20 ao 26 de xullo de 2014*

**3.—TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO:**

*Tramitación: Urxente*

*Procedemento: Aberto*

*Criterios de adxudicación: Os establecidos no número 09 do prego de clausulas*

**4.—ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:**

Importe neto 10909,09 euros.

IVA 1090,91 (10 %)

Importe total 12000 euros.

**5.—Garantías esixidas.**

Definitiva (5% do importe de adxudicación excluído o IVE)

**6.—REQUISITOS ESPECÍFICOS DO CONTRATISTA**

*Clasificación: Non se esixe.*

**7.—PRESENTACIÓN DE OFERTAS:**

*Data límite de presentación: Oito días naturais a contar desde o seguinte á publicación do presente anuncio no BOP.*

*Lugar de presentación: Rexistro do Concello de Cotobade (Horario: Luns a Venres de 9:00 a 14:00 horas e Sábados de 9:00 a 13:00 horas)*

*Dependencia: Secretaría*

*Domicilio: Chan, 11*

*Localidade e código postal: Carballedo 36856 Cotobade (Pontevedra)*

**8.—GASTOS DE PUBLICIDADE.**

Por conta do adxudicatario

Cotobade 12 de maio de 2014.—O Alcalde, Jorge Cubela López.

**2014004430**

---

**A N U N C I O**

Ao non terse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Cotobade, cuxo texto íntegro faise público para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto nos artigos 17.3 e 4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

**“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA****POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE COTOBADE**

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, por o que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais ( en adiante TRLRFL ), o Concello de Cotobade establece a taxa por a prestación do servizo de axuda no fogar, a que se refire o artigo 20.4.n) do TRLRFL, que se rexerá por a presente Ordenanza Fiscal.

**ARTIGO 1. – FEITO IMPOÑIBLE:**

Constitue o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de axuda no fogar concedido a través dos Servizos Sociais municipais nos termos e condicións establecidos na ordenanza Regulamento do servizo.

**ARTIGO 2. – SUXEITOS PASIVOS:**

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas que soliciten e se beneficien do servizo, tanto as persoas que teñan recoñecida a situación de dependencia por Resolución da Comunidade Autónoma como as que, non tendo recoñecida a situación de dependencia reciban ou se beneficien so servizo de axuda no fogar.

**ARTIGO 3. – RESPONSABLES:**

A responsabilidade será asumida nos termos do artigo 41 da Lei Xeral Trbutaria. Serán responsables solidarios ou subsidiarios, as persoas ou entidades que se refirn, respectivamente, nos artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

**ARTIGO 4. – COTA TRIBUTARIA :**

A cota tributaria a pagar polos usuarios do servizo determinarase de conformidade coas seguintes criterios :

- 4.1) Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes, valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar.
  - 4.1.1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.
  - 4.1.2. Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

CAPACIDADE ECONÓMICA (REFERENCIADA AO IPREM)	GRAO I	GRAO II	GRAO III
Ata	<=20h	<=45h	<=70h
100%	0%	0%	0%
115%	4,52%	9,61%	14,70%
125%	5,41%	11,50%	17,58%
150%	5,55%	11,79%	18,03%
175%	5,65%	12,00%	18,35%
200%	5,72%	12,16%	18,60%
215%	5,81%	12,34%	18,87%
250%	6,03%	12,82%	19,61%
300%	6,24%	13,26%	20,29%
350%	6,42%	13,63%	20,85%
400%	6,54%	13,90%	21,25%
450%	6,63%	14,09%	21,55%
500%	6,70%	14,25%	21,79%
>500%	6,76%	14,36%	21,97%

4.1.3. No caso de que a entidade local asuma tamén a prestación, ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar regulados no artigo 14.2 deste decreto, para os efectos facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarán a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

% Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

4.1.4. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.1.5. En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

4.1.6. Establécese como mínimo vital ou contía mínima para gastos persoais e quedará integramente á disposición do seu perceptor unha contía equivalente ao 49% dos ingresos líquidos percibidos, calculados en cómputo anual.

A capacidade económica dos usuarios dependentes que se fai referencia no parágrafos anteriores calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

4.2) Participación no financiamento de persoas usuarias de outros servizos que impliquen copagamento.

4.2.1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrència, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 16 da ordenanza reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Cotobade.

CAPACIDADE ECONÓMICA	PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO DE SAF BÁSICO
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	10%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	20%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	50%
Maior de 2,50 IPREM	70%

4.2.2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

4.2.3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar libre concorrència e outros servizos complementarios que impliquen copagamento calcularase consonte se regula no artigo 20 da ordenanza municipal que regula o servizo municipal de axuda no fogar.

#### ARTIGO 5.—OBRIGADOS AO PAGAMENTO.

Están obrigados ao pagamento da taxa regulada nesta ordenanza, as persoas usuarias beneficiarias do servizo prestado por este Concello ás que se refire o artigo 7 da ordenanza reguladora do servizo municipal de axuda no fogar do Concello de Cotobade

#### ARTIGO 6.—NORMAS DE XESTIÓN.

O período impositivo será mensual e a taxa satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo a mes vencido, mediante domiciliación bancaria que autorizará o solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

A obriga de pagar a taxa nace no momento de no que inicie a prestación do servizo e o pago efarase facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

O concello e, sobre a base do parte de traballo asinado, conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborará un recibo individual có importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria, para que se efectúe o pagamento nos vinte primeiros días do mes seguinte. A falta de pagamento da cota dun mes suporá a interrupción do servizo.

**ARTIGO 7.—INFRACCIÓNS E SANCIÓN S:**

As infraccións e sancións rexeranse pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación e demais normativa de aplicación.

**DISPOSICION DEROGATORIA**

A partires da entrada en vigor da presente Ordenanza fiscal quedará derogada a Ordenanza fiscal reguladora da taxa da prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Cotobade aprobada en sesión plenaria de 26 de agosto de 2013 e publicada no BOP nº 172 do 09 de setembro de 2013.

**DISPOSICIÓN S FINAIS**

No non previsto na presente Ordenanza fiscal será de aplicación a Lei Xeral Tributaria e demais normativa de aplicación.

Esta Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial de Provincia”

Contra o presente acordo poderase interpoñer polos interesados recurso contencioso – administrativo, ante a Sala do Contencioso – administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso – Administrativa.

Cotobade 06 de maio de 2014. — O Alcalde, Jorge Cubela López.

**2014004273**

\* \* \*

**A ESTRADA****A N U N C I O**

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 21 de abril de 2014, aprobou as Bases Reguladoras para a convocatoria de subvencións con finalidade de carácter de promoción económica para o ano 2014, do seguinte teor,

**BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCION S  
CON FINALIDADE DE CARÁCTER DE PROMOCIÓN ECONÓMICA PARA O ANO 2014****I) OBXECTO.**

O obxecto das presentes bases é a regulación da convocatoria de subvencións con destino a actividades de carácter de promoción económica.

Enténdese por subvencións, ao efecto da presente convocatoria, toda disposición diñeiraria, realizada polo Concello da Estrada, sen contraprestación directa dos beneficiarios, a favor de persoas públicas ou privadas, con destino ao cumprimento de un obxectivo, execución dun proxecto ou actividade que teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública de carácter empresarial, comercial ou económica que repercute na promoción socio-económica da Estrada.

Enténdese preferentemente como actividades de promoción económica todas aquelas relacionadas coa mellora dos equipamentos, formación e funcionamento interno das asociacións que, sen ánimo de lucro, promovan estes fins por medio da dotación de equipamentos comunitarios, formación para os